



XUBILACIONES

XUBILACIÓN NO RÉXIME DE CLASES PASIVAS

	TIPO	REQUISITOS	CÁLCULO DA PENSIÓN	SOLICITUDE/OBSERVACIÓNS
VOLUNTARIA	ANTICIPADA ORDINARIA	<ul style="list-style-type: none"> • Ter cumpridos 60 anos. • Ter recoñecidos 30 anos de servizos efectivos ao Estado (si se usan anos cotizados a outros réximes da Seguridade Social os 5 últimos anos teñen que estar cubertos no Réxime de Clases Pasivas). • Non teñen que ser necesariamente os últimos 15 anos de servizos como docente. <p>Hai que presentar un certificado de vida laboral. Só no caso de ter tempo cotizado á Seguridade Social</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación da porcentaxe do haber regulador do Corpo que corresponda en función dos anos de servizo acreditados. • Computan os tempos cotizados no Réxime de Clases Pasivas e calquera réxime da seguridade social. • Non da dereito a gratificación. <p>Non se aplican coeficientes redutores.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ten que solicitarse con, cando menos, tres meses de antelación. • Iníciase, a petición do interesado, na súa Xefatura Territorial correspondente. • Tamén se pode solicitar si se está en situación de excedencia cumprindo os requisitos

	TIPO	REQUISITOS	CÁLCULO DA PENSIÓN	SOLICITUDE/OBSERVACIÓNS
FORZOSA	AO CUMPLIR OS 65 ANOS	<ul style="list-style-type: none"> • Ter cumpridos 65 anos de idade. • Ter 35 anos de servizos para percibir a máxima pensión (entre 32 e 33 no caso de secundaria). <p>Ter acreditados 15 anos de servizos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A pensión dependerá dos anos de servizo acreditados e do haber regulador do grupo ao que pertenza. • Os anos de servizo efectivos ao Estado son os prestados en servizo activo en calquera das Administracións Públicas, en situación de servizos especiais e os que se teñan cotizados a calquera réxime público de Seguridade Social. • Os/as xubilados/as con carácter forzoso, por incapacidade ou idade, reciben de MUFACE, a partires do 1 de xaneiro de 2013, o importe da metade do importe íntegro dunha mensualidade ordinaria das retribucións básicas (soldo base e trienios). Dita cantidade hai que solicitala na Delegación de MUFACE da provincia correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> • A Administración xestiona e resolve de oficio 6 meses antes se non se ten solicitado prórroga ou ben comunica ao afectado/a a situación para ofrecerlle as distintas opcións. • Pódese solicitar prórroga ata o 31 de Agosto se son cumpridos os anos durante o curso escolar.

	TIPO	REQUISITOS	CÁLCULO DA PENSIÓN	SOLICITUDE/OBSERVACIÓNS
FORZOSA	PRÓRROGA ATA OS 70 ANOS	<ul style="list-style-type: none"> • É voluntaria, polo que non é obrigatorio permanecer en activo ata os 70 anos. • Estar apto para o servizo. • A Administración Pública competente deberá resolver de forma motivada a aceptación ou denegación da prolongación do servizo activo. • Terá dereito ao recoñecemento dunha porcentaxe adicional por cada ano completo de servizos efectivos ao Estado: • Ata 25 anos: o 2% • Entre 25 e 37 anos: 2,75% • A partir de 37 anos: 4% • Se supera o límite máximo pódese recibir unha contía adicional que sumada á pensión non poderá ser superior ao haber regulador do Grupo/Subgrupo A1 dividido en 14 pagas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Igual que no caso anterior a contía da pensión dependerá dos anos de servizo e do haber regulador do grupo ao que pertenza. • Cando se teñan polo menos 15 anos de servizos efectivos ao Estado recoñecerase unha porcentaxe adicional por cada ano completo cotizado despois dos 65 anos. • Os/as xubilados/as con carácter forzoso, por incapacidade ou idade, reciben de MUFACE, a partires do 1 de xaneiro de 2013, o importe da metade do importe íntegro dunha mensualidade ordinaria das retribucións básicas (soldo base e trienios). Dita cantidade hai que solicitala na Delegación de MUFACE da provincia correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> • Debe solicitarse por escrito cunha antelación mínima de 3 meses á data de cumprir os 65 anos. • As sucesivas prórrogas, no caso de querer solicitalas, deben cumprir o mesmo requisito de antelación. • O fin da prórroga deberá comunicarse, polo menos, con 3 meses de antelación á data escollida para a xubilación definitiva, que non poderá ir máis aló do remate do curso no que se cumpren os 70 anos.

	TIPO	REQUISITOS	CÁLCULO DA PENSIÓN	SOLICITUDE/OBSERVACIÓNS
VOLUNTARIA	POR INCAPACIDADE PERMANENTE PARA O SERVIZO (IPS)	<p>TIPOLOXÍA:</p> <ul style="list-style-type: none"> Incapacidade total: é aquela que incapacita para o desempeño das funcións fundamentais do Corpo ao que pertence. Incapacidade absoluta: é aquela que incapacita para o desempeño de toda profesión ou oficio. Gran invalidez: é aquela na que o/a afectado/a necesita a asistencia dunha persoa para as actividades máis esenciais da vida. <p>REQUISITOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> Informe emitido preceptivamente polo EVI ou Equipo de Valoración de Incapacidade (dito informe é vinculante desde 2009). 	<ul style="list-style-type: none"> O cálculo da pensión en casos de xubilación por incapacidade permanente para o servizo se realiza, igual que nos casos anteriores, en función do número de anos de servizo e o haber regulador do Corpo correspondente, pero se considera como servizo prestado o tempo que falte ata cumprir os 65 anos. Nos casos de incapacidade permanente para o servizo total por enfermidade común ou accidente non laboral con menos de 20 anos de servizo, redúcese un 5% por cada ano completo que lle falte ata os 20, cun máximo de redución do 25%. Desde 2016 hai porcentaxes adicionais por maternidade para as mulleres que tiveran 2 ou máis fillos. A Incapacidade Total é compatible con traballar noutro posto de traballo distinto pero, se é este o caso a pensión se reduce nun 25% se son máis de 20 anos de servizo e un 45% se tes menos. No caso da Gran Invalidez a contía da pensión a percibir vese incrementada nun 50% que aboa MUFACE para a contratación dunha persoa para atender á persoa afectada. 	<ul style="list-style-type: none"> O/a interesado/a solicitará a baixa na Xefatura Territorial correspondente aportando a documentación oportuna. O proceso tamén pode iniciarse de oficio por parte da Administración correspondente a partir dos 18 meses de baixa e tras o informe do EVI. En relación á tributación indicar que a pensión por Incapacidade Total tributa a Facenda e, polo tanto, se lle aplica a retención correspondente. As pensións por Incapacidade Absoluta e Gran Invalidez non tributan e, polo tanto, non teñen retencións.

CÁLCULO DA PENSIÓN NO RÉXIME DE CLASES PASIVAS

Táboa de Pensións 2021

Anos de Servizo	% Haber regulador	Grupo A1		Grupo A2	
		€/ano	€/mes	€/ano	€/mes
15	26,92	11.458,14 €	818,44 €	9.107,85 €	644,14 €
16	30,57	13.011,71 €	929,41 €	10.240,54 €	731,46 €
17	34,23	14.569,55 €	1.040,68 €	11.466,60 €	819,05 €
18	37,88	16.123,12 €	1.151,65 €	12.689,29 €	906,37 €
19	41,54	17.680,95 €	1.262,92 €	13.915,35 €	993,96 €
20	45,19	19.234,53 €	1.373,89 €	15.138,05 €	1.081,28 €
21	48,84	20.788,09 €	1.484,86 €	16.360,75 €	1.168,62 €
22	52,50	22.354,45 €	1.596,74 €	17.593,51 €	1.256,68 €
23	56,15	23.899,51 €	1.707,11 €	18.809,51 €	1.343,53 €
24	59,81	25.457,33 €	1.818,38 €	20.035,56 €	1.431,12 €
25	63,46	27.010,91 €	1.929,35 €	21.258,26 €	1.518,44 €
26	67,11	28.564,48 €	2.040,32 €	22.480,96 €	1.605,78 €
27	70,77	30.122,31 €	2.151,59 €	23.707,01 €	1.693,35 €
28	74,42	31.675,89 €	2.262,56 €	24.929,72 €	1.780,69 €
29	78,08	33.233,72 €	2.373,83 €	26.155,77 €	1.868,27 €
30	81,73	34.787,29 €	2.484,80 €	27.378,47 €	1.955,60 €
31	85,38	36.340,87 €	2.595,77 €	28.601,17 €	2.042,94 €
32	89,04	37.898,70 €	2.707,05 €	29.827,22 €	2.130,51 €
33	92,69	37.904,86 €	2.707,49 €	31.049,93 €	2.217,85 €
34	96,35	37.904,86 €	2.707,49 €	32.275,97 €	2.305,42 €
35 o más	100,00	37.904,86 €	2.707,49 €	33.498,68 €	2.392,76 €
Grupo / Subgrupo (Lei 7/2007)		Haber regulador			
A1		42.563,68 €/ano			
A2		33.498,68 €/ano			

* Pensión máxima a percibir: 2.707,49 €/mes - 37.904,86 €/ano

XUBILACIÓN NO RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL

Este tipo de xubilación afectaría a:

- Funcionarios de carreira das antigas Universidades Laborais.
- Funcionarios de carreira posteriores ao 1 de xaneiro de 2011.
- Docentes Laborais.
- Funcionarios interinos.

1.- XUBILACIÓN ORDINARIA

Idade: Desde os 65 anos cando se acrediten 38 anos e 6 meses cotizados ata os 67 anos segundo o período transitorio de aplicación paulatina ata o 2027.

Táboa 1

ANO	PERÍODOS COTIZADOS	IDADE ESIXIDA
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 e 6 meses	66 anos e 2 meses
2023	37 anos e 9 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 e 9 meses	66 anos e 4 meses
2024	38 anos ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos	66 anos e 6 meses
2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses
2026	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 10 meses
A partir de 2027	38 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 6 meses	67 anos

En consecuencia, para o **ano 2021** requírese unha idade mínima de 65 anos, se se teñen cotizados un mínimo de 37 anos e 3 meses, e de 66 anos se non se chega a ese período cotizado.

Período de carencia: mínimo de 15 anos cotizados, dos que a lo menos dous deben estar incluídos nos 15 anos anteriores ao momento de causar dereito.

Situación laboral: Alta ou asimilada a alta.

Cálculo da pensión: a contía da pensión depende do importe das cotizacións (base reguladora) do traballador e da porcentaxe que se lle aplica en función dos anos cotizados. Determinábase aplicando a porcentaxe á base reguladora.

- **Base reguladora:** para o ano 2021 considéranse os últimos 24 anos, a partir do 2022 serán 25, polo que o cálculo da base reguladora para estes períodos será:

$$\begin{aligned} \circ \quad BR_{2021} &= \frac{\text{Bases de cotización dos últimos 288 meses}}{336} \\ \circ \quad BR_{2022 \text{ e seguintes}} &= \frac{\text{Bases de cotización dos últimos 300 meses}}{350} \end{aligned}$$

As **bases de cotización** dos 24 meses inmediatamente anteriores ao mes previo á xubilación tómanse polo seu valor nominal. As restantes actualízanse de acordo ao IPC.

- **Porcentaxe aplicable á base reguladora:** está en función do número de meses cotizados. Con 15 anos o importe é do 50% da Base reguladora e por cada mes adicional de cotización a porcentaxe sube entre o 0,18% e o 0,21% ata alcanzar un máximo do 100%.

Táboa 2

PERÍODO	COTIZACIÓNS	% APLICABLE
2020 a 2022	Primeiros 15 anos	50%
	Mes adicional do 1 ao 106	0,21%
	Mes adicional 146 restantes	0,19%
	Total: 36 anos	100%
2023 a 2026	Primeiros 15 anos	50%
	mes adicional do 1 ao 49	0,21%
	Mes adicional 209 restantes	0,19%
	Total: 36,5 anos	100%
A partir de 2027	Primeiros 15 anos	50%
	Mes adicional do 1 ao 249	0,19%
	Mes adicional 16 restantes	0,18%
	Total: 37 anos	100%

Pensión máxima: Independentemente do importe calculado o pensión máxima **para 2021 é de 2.707,46 euros** mensuais en 14 pagas.

Trámites: Solicitud ante os centros de atención e información da Seguridade Social do Instituto Nacional de Seguridade Social (INSS), dentro dos tres meses anteriores ou posteriores ao cese (xubilación).

2.- XUBILACIÓN ANTICIPADA VOLUNTARIA

Idade: idade real 2 anos como máximo inferior á ordinaria.

Período de carencia: 35 de cotización efectiva, 2 nos últimos 15 anos inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito.

Situación laboral: Alta ou asimilada a alta.

Observacións: Coeficientes redutores da pensión por cada trimestre ou fracción de anticipación na idade ordinaria de xubilación.

Táboa 3

ANOS COTIZADOS	COEFICIENTE REDUTOR POR CADA TRIMESTRE DE ANTICIPO
Menos de 38 anos e 6 meses	2% (equivale ao 8% anual)
Entre 38 anos e 6 meses e menos de 41 anos e 6 meses	1,875% (equivale ao 7,5% anual)
Entre 41 anos e 6 meses e menos de 44 anos e 6 meses	1,75% (equivale ao 7% anual)
44 anos e 6 meses ou máis	1,625% (equivale ao 6,5% anual)

Pensión máxima: A contía non pode ser superior á que resultaría de reducir a pensión máxima nun -0,5% por cada trimestre de anticipo (equivale ao -2% anual)

3.- XUBILACIÓN ANTICIPADA INVOLUNTARIA

Idade: idade real 4 anos como máximo inferior á ordinaria.

Período de carencia: 33 de cotización efectiva, 2 nos últimos 15 anos inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito.

Situación laboral: atoparse inscritos como demandantes de emprego **6 meses** antes da solicitude de xubilación.

Observacións: Que o cese no traballo se producira como consecuencia dunha situación de reestruturación empresarial que impida a continuidade da relación laboral ou a consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.

Coefficientes redutores da pensión: por cada trimestre ou fracción de anticipación na idade ordinaria de xubilación.

Táboa 4

ANOS COTIZADOS	COEFICIENTE REDUTOR POR CADA TRIMESTRE DE ANTICIPO
Menos de 38 anos e 6 meses	1,875% (equivale ao 7,5% anual)
Entre 38 anos e 6 meses e menos de 41 anos e 6 meses	1,75% (equivale ao 7% anual)
Entre 41 anos e 6 meses e menos de 44 anos e 6 meses	1,625% (equivale ao 6,5% anual)
44 anos e 6 meses ou máis	1,5% (equivale ao 6% anual)

Pensión máxima: A contía non pode ser superior á que resultaría de reducir a pensión máxima nun -0,5% por cada trimestre de anticipo (equivale ao -2% anual).

4.- XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE PARA O SERVIZO

Tipoloxía:

- **Incapacidade Parcial:** aquela que incapacita para a profesión habitual, sen acadar o grado de total e que ocasiona ao traballador/a unha diminución non inferior ao 33% no seu rendemento normal para a profesión.
- **Incapacidade Total:** incapacita para todas ou as fundamentais tarefas da profesión. Non impide a dedicación a outra profesión distinta.
- **Incapacidade Absoluta:** incapacita para todo tipo de traballo, profesión ou oficio.
- **Gran Invalidez:** aquela na que se require a asistencia doutra persoa para as tarefas máis esenciais.

Requisitos: Informe emitido preceptivamente polo EVI (Equipo de Valoración de Incapacidade).

Cálculo da pensión:

- **Base reguladora:** cociente que resulte de dividir por 112 as bases de cotización do/a interesado/a durante os 96 meses anteriores ao mes previo do feito causante. Ao resultado obtido **aplícaselle a porcentaxe que corresponda** (Táboa 2) **en función dos anos de cotización** considerándose a tal efecto como cotizados os anos que lle resten ao interesado, na data do feito causante, para cumprir a idade de 65 anos. No caso de non alcanzarse **15 anos de cotización**, a porcentaxe aplicable será do 50%.
- **Incapacidade Total:** 55% da **Base Reguladora**. Dita porcentaxe pode incrementarse nun 20% máis para os maiores de 55 anos.

- **Incapacidade Absoluta:** 100% da **Base Reguladora**.
- **Gran Invalidez:** 100% da **Base Reguladora** incrementado nun 50%.
- **Período mínimo de cotización, con 26 anos de idade cumpridos,** o período de cotización é a cuarta parte do tempo transcorrido entre a data na que cumpriu 20 anos e a do feito causante, cun mínimo de 5 anos.

Táboa 5: Período mínimo de cotización para unha pensión por incapacidade.

IDADE	PERÍODO DE COTIZACIÓN
26 a 40 anos	5 anos
44 anos	6 anos
48 anos	7 anos
52 anos	8 anos
56 anos	9 anos
60 anos	10 anos
64 anos	11 anos

Outras consideracións: A pensión de incapacidade permanente convertese en pensión de xubilación ao cumprir a idade esixida para esta.

BENEFICIOS E COMPLEMENTOS TANTO PARA CLASES PASIVAS COMO PARA SEGURIDADE SOCIAL

- **NOVO!! Complemento para a redución da fenda de xénero:** desde o 4 de febreiro de 2021 establécese un complemento ás pensións de Clases Pasivas e da Seguridade Social, (excluídas aquelas derivadas de acollerse o funcionario á xubilación anticipada no réxime de Clases Pasivas). O importe non é unha porcentaxe sobre a pensión como ata o de agora, senón que é unha cantidade fixa anual distribuída en 14 pagas. Para este ano está fixada en 378€ que suporá unha cantidade fixa de 27€ mensuais por cada fillo/a e ata un máximo de 4 fillos/as para as mulleres beneficiarias dunha pensión pública.

Quen estivese percibindo o complemento por maternidade anterior que se fixaba en porcentaxes sobre a pensión persoal (5% con 2 fillos/as; 10% con 3 e 15% a partir de 4) manterao, pero podería optar por cambiar para o novo se lle resultara máis beneficioso. O importe do complemento non será tido en conta na aplicación do límite máximo de pensións. Estará en vigor mentres a fenda de xénero media do Estado se sitúe por riba do 5% (actualmente nun 30%).

- **Cotización por parto:** recoñecemento de 112 días de cotización por cada parto (14 máis por cada fillo/a en partos múltiples). Debe solicitarse a certificación ao INSS e pode ser considerado para completar o período de carencia (pensión forzosa se os servizos son inferiores a 15 anos ou xubilación voluntaria se os servizos son inferiores a 30 anos)

- **Cotización por coidado de fillos/as:** recoñecemento de ata 270 días de cotización para calquera dos dous proxenitores si se interrompiu a cotización, producida entre os 9 meses anteriores ao nacemento e a finalización do 6º ano posterior a esta situación. Este período non é válido para completar o período de carencia mais si a efectos de completar os anos de servizo e mellorar a porcentaxe a aplicar no Haber Regulador.

- **Cotización do tempo de servizo militar, prestación social substitutoria ou Servizo Social Obrigatorio da Muller:** para aquelas persoas que fixeron o servizo militar ou a prestación social con posterioridade ao acceso á función pública compútase todo o tempo prestado. Se se fixeron con anterioridade considérase só o que exceda do período obrigatorio mínimo vixente no momento de facelo, computando no grupo E. Este mesmo dereito tamén se recoñece para as mulleres que se viron obrigadas a prestar o Servizo Social ata o ano 1978. En todos os casos o tempo cotizado computa aos efectos de cumprir os requisitos para a xubilación incluso a anticipada.

Xubilación posterior a idade ordinaria: Recoñécese unha porcentaxe adicional por cada ano completo cotizado entre a data que cumpriu dita idade e a da xubilación, cuxa contía estará en función dos anos de cotización acreditados na primeira data indicada, en base á seguinte escala:

- Ata 25 anos cotizados: 2%
- Entre 25 e 37 anos cotizados: 2,75%
- Máis de 37 anos cotizados: 4%



ANPE- Galicia

Rúa Xosé Chao Rego, 8 baixo
(Centro de Negocios Compostela Norte)
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)
981 55 23 93 / 982 22 79 12 - galicia@anpe.es

www.anpegalicia.es

ANPE Coruña

C/. Fernando Macías, 10-1º A3 - 15004 A CORUÑA
981 27 19 15 - acoruna@anpe.es

Sede Santiago

Rúa Xosé Castro Rego, 8 baixo
(Centro de Negocios Compostela Norte)
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)
981 55 23 93 - santiago@anpe.es

ANPE Ourense

Progreso, 83 - 1º D - 32003 OURENSE
988 25 58 52 - ourense@anpe.es

ANPE Lugo

San Roque, 94-98-Entpla. Izq. - 27002 LUGO
982 22 79 12 - lugo@anpe.es

ANPE Pontevedra-Vigo

C/. República Argentina, 10-Entlo. Of. 3 - 36201 VIGO
986 43 70 43 - pontevedra@anpe.es